


Area / Unidad GESTION ADMINISTRATIVA MEDIO AMBIENTE MA1000 MAH	Documento 54113109FH	
Código de verificación  496U 0E1Z 6P6Q 2W56 0TZX	Expediente 541/2018/1081	
	Fecha 19-11-2019	

O/A concelleiro/a-secretario/a da Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 126.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 4 de decembro de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

## MEDIO AMBIENTE E SOSTIBILIDADE

### Medio Ambiente

#### **Expte. 541/20181081**

**Aprobación do proxecto de “Restauración do Xardín de San Carlos”, incluído no marco xeral da Estratexia DUSI da Coruña e que forma parte dunha operación financiada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).**

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no expediente**, e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, **en canto serve de motivación ao mesmo**, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, **por unanimidade**, en votación ordinaria, acórdase:

Aprobar o proxecto relativo ao “RESTAURACIÓN DO XARDÍN DE SAN CARLOS”, incluído no marco xeral da Estratexia DUSI da Coruña e que forma parte dunha operación financiada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do eixe 12 de desenrolo urbano do Programa Operativo de Crecemento Sostible, actualmente Programa Operativo Plurirrexional de España (POPE) cun coeficiente de cofinanciación do FEDER do 80%, cuxo importe de execución ascende á cantidade de TRES CENTOS NOVENTA E NOVE MIL CATROCENTOS VINTE E OITO EUROS CON VINTE E SEIS CÉNTIMOS (399.428,26 euros), IVE incluído, redactado polo Enxeñeiro Agrónomo, Pedro Calaza Martínez, e asinado dixitalmente o 01.09.2019.

O presente acordo substitúe o adoptado pola Xunta de Goberno Local o 09.10.2019 no que non se aprobou a última versión do proxecto.

**E para que así conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación na Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento, que asina xunto a min o Oficial Maior, Miguel Iglesias Martínez, como funcionario titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e encargado das funcións de fe pública segundo a disposición adicional 8ª da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a reserva dos termos definitivos nos que quede redactada a acta.**